



CONSORCIO AUDIOVISUAL DE GALICIA

PRESIDENCIA DA XUNTA

I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2011 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

I.1. PREMISAS E LIÑAS PRINCIPAIS DO PLANTEXAMENTO ESTRATÉXICO

A Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do disposto nos artigos 27.19, 32 e 34 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobou a Lei 6/1999, de 1 de setembro, do Audiovisual de Galicia.

A importancia cultural e económica do sector audiovisual galego e a súa consideración de sector estratéxico na propia Lei /1999, de 1 de setembro, do Audiovisual de Galicia, motivou a expresa previsión de que diferentes actuacións e medidas neste ámbito se leven a cabo mediante unha acción conxunta das diferentes administracións e institucións implicadas.

Pola súa banda, o artigo 6.5º da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e os artigos 149 ao 152 e o 196 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia prevén a creación dun consorcio cando a xestión dun convenio entre administracións públicas faga necesaria a creación dunha organización común.

Conforme a tales previsións legais aprobouse o Decreto 294/2002, de 17 de outubro, polo que se constitúe e regula a composición do Consorcio Audiovisual de Galicia e se aproban os seus estatutos. Dito decreto foi modificado polo Decreto 38/2006, do 2 de marzo, coa finalidade de adecuar a composición do Consorcio á estrutura orgánica vixente nese momento.

Igualmente, aprobada polo órgano de goberno do Consorcio a modificación dos seus estatutos, procedese por Resolución de 15 de xuño do 2006 da Secretaría Xeral de Comunicación a dar publicidade da modificación de tales estatutos.

Posteriormente procedeuse a unha nova modificación polo Decreto 41/2010, do 25 de febreiro, novamente coa finalidade de adecuar á composición do Consello de Dirección do Consorcio á vixente estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

Deste xeito nace o novo Consorcio Audiovisual de Galicia como organismo único do audiovisual en Galicia, e que queda conformado do seguinte xeito:

A Xunta de Galicia, representada pola Consellería de Cultura e Turismo, a Secretaría Xeral de Medios, a Consellería de Facenda, a Consellería de Economía e Industria, a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Traballo e Benestar, pola Compañía de Radio-Televisión de Galicia (CRTVG) e polas deputacións provinciais da Coruña, Lugo, Ourense

e Pontevedra.

Este ano 2011 será o ano clave na nova andaina do Consorcio xa que tentaranse de sentar as bases do novo organismo único e perfilar as liñas estratéxicas a seguir en futuros períodos.

1.1.1. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

O obxectivo estratéxico do Consorcio Audiovisual de Galicia constitúe a potenciación das accións tendentes ao desenvolvemento do sector audiovisual galego.

Para a consecución de este obxectivo estratéxico o orzamento do 2011 defínese baixo unhas condicións de austeridade acordes coa coxuntura económica actual.

1.1.2. OBXECTIVOS OPERATIVOS

Son obxectivos operativos do Consorcio Audiovisual de Galicia:

- a) O impulso e o fomento da creación, do desenvolvemento, da produción e a promoción do sector audiovisual galego.
- b) Promover e potenciar a actividade profesional e a creación de emprego no sector audiovisual.
- c) Impulsar a produción propia e a coprodución, así como a súa distribución por calquera dos sistemas e canles da difusión audiovisual, favorecendo o desenvolvemento do sector audiovisual galego.
- d) Promover a investigación, a formación e o desenvolvemento tecnolóxico no sector audiovisual.
- e) Promover a utilización do idioma galego mediante o seu uso nos medios audiovisuais, especialmente apoiando a súa utilización en salas de exhibición e promovendo a asistencia a elas.
- f) Divulgar as obras audiovisuais galegas no propio territorio, no Estado español, en Portugal, na Unión Europea e en todos os territorios onde existan comunidades galegas.
- g) Promover un mellor coñecemento da historia, a arte, a literatura, a música e, en xeral, a realidade social e cultural galega a través das producións cinematográficas e audiovisuais

1.1.3. ACTUACIÓNS

1. AXUDAS PARA A PROMOCIÓN DE PRODUCIÓNS AUDIOVISUAIS A TRAVÉS DE INTERNET

A súa finalidade é brindar apoio ás produtoras no proceso de creación de páxinas web de producións audiovisuais, xa que un dos piares fundamentais do negocio cinematográfico baséase na promoción, na visibilidade do produto e na creación de expectativas diferenciais ante un público ao que se lle lanzan infinitas mensaxes referidas a innumerables posibilidades de lecer.

O orzamento anual adicado a estas axudas é de 50.000 €.

2. AXUDAS PARA A PROMOCIÓN INTERNACIONAL DAS CURTAMETRAXES GALEGAS: CURTAS 2010-2011

O programa CURTAS leva funcionando dende o 2003 posibilitando a promoción e difusión dunha selección das melloras curtametraxes galegas levadas a cabo desde o ano 2001, coa edición dos catálogos elaborados con carácter anual. Ademais, organízanse actividades paralelas, pases especiais, asistencia a mercados internacionais, entre os que destaca o Short Film Market de Clermont-Ferrand, o mercado máis importantes de curtametraxes de Europa, envíos a institucións culturais (filmotecas e organismos nacionais e internacionais de interese para o sector audiovisual galego) e aos festivais especializados máis relevantesw do eido audiovisual.

Ao longo das seis edicións do programa CURTAS o audiovisual galego levou a cabo distintas accións para promover as curtametraxes galegas internacionalmente.

Entre as accións cabe sinalar a organización de distintas Semanas de Cine galego no exterior, en cidades como Bos Aires, San Paulo ou A Habana, nas que o público alí presente (directores e programadores de festivais, distribuidores, axentes de vendas, expertos e afeccionados ao cine, etc.) puido coñecer de primeira man o que se fai en Galicia a nivel de curtametraxes.

O orzamento para o Programa CURTAS deste ano 2011 será de 12.000 €.

3. AXUDAS DO PROGRAMA PARA A PROMOCIÓN INTERNACIONAL DOS DOCUMENTAIS GALEGOS: PROGRAMMA DOCS GALICIA 2010.

O programa DOCS Galicia iniciouse no 2006 coa finalidade de realizar accións semellantes ao Programa CURTAS para as producións galegas de xénero documental. Publicáronse tres catálogos: DOCS 06 (ano 2007), DOCS 08 (ano 2008), DOCS 09 (ano 2009).

Este ano será a cuarta convocatoria deste programa, e dende a súa primeira edición os catálogos do Programa Docs Galicia participan en diferentes mostras de cinema e festivais tanto nacionais como internacionais que amosan o seu interese polo mesmo.

O orzamento destinado ao programa DOCS é de 18.000 €.

4. BOLSAS PARA A AMPLIACIÓN E PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS NO EIDO AUDIOVISUAL.

O seu obxectivo é brindarlle apoio aos interesados en ampliar a súa formación neste

eido en centros de estudo de recoñecido prestixio tanto nacionais como internacionais e, deste xeito, contribuír á capacitación dos futuros profesionais da industria audiovisual galega. Estas axudas son esenciais para os profesionais do sector, sendo beneficiarios na última convocatoria máis dunha vintena de profesionais.

O orzamento destinado a estas axudas será de 30.000 €.

5. FONDOS DE COPRODUCCIÓN

Co obxectivo de impulsar as coproducións cinematográficas xorden os Fondos de Coprodución, sendo tamén unha vía máis para o financiamento de proxectos de carácter internacional e con maiores posibilidades de mercado. Neste marco encádranse tanto os fondos Raíces como Brasil, así como a constitución da sociedade mercantil Semprecinema Producións.

a) Axudas do Fondo RAÍCES

O 18 de marzo de 2003 en Ushuaia (Arxentina), os asinantes do Acordo Raíces comprometéronse a desenvolver actividades dirixidas a promover a integración das respectivas cinematografías a través de acordos específicos, sustentables e perdurables, mediante a promoción da coprodución e da distribución.

Este acordo materializouse na sinatura do Fondo Raíces o 21 de xaneiro de 2005 co obxectivo de impulsar as coproducións cinematográficas mediante o financiamento de longametraxes de produtoras independentes de Arxentina (a través do INCAA) e Galicia. Celebráronse catro convocatorias (2005, 2006, 2007, 2008).

Para o ano 2011 a convocatoria estará dotada con 150.000 euros, e apoiaranse un máximo de 3 proxectos, cun máximo de 50.000 euros por proxecto.

b) Axudas do Fondo de Coprodución Galicia-Brasil

O Fondo Brasil nace o 21 de setembro de 2007 mediante a sinatura dun protocolo de colaboración, polo que se comprometían a Agência Nacional do Cinema (ANCINE) e a administración autonómica a crear un Fondo de Coprodución de proxectos audiovisuais galego-brasileiros.

Este é o único acordo de coprodución con dotación económica existente entre Brasil e España.

No 2010 está previsto publicar a nova orde de axudas na que se apoiará un proxecto de documental con orzamento propio e un proxecto de ficción ou animación.

O Fondo estará dotado para o ano 2011 de 160.000 € (40.000 € para o documental, e 120.000 € para o proxecto de ficción).

6. PLAN DE INTERNACIONALIZACIÓN

Co obxectivo de desenvolver o plan de internacionalización do Consorcio Audiovisual de Galicia, e coa finalidade de potenciar e incrementar a capacidade de internacionalización das empresas do sector audiovisual galego no seu conxunto, nacen estas axudas cuxa finalidade é a de facilitar o acceso aos mercados das empresas galegas a través da concesión de bolsas de viaxe, acreditacións, ou axudas para o

establecemento ou aluguer de stands, elaboración de material publicitario para a súa distribución

O orzamento anual no 2011 adicado a estas axudas é de 50.000 €.

7. AXUDAS PROMOCION, EXHIBICION E COMERCIALIZACION:

Entre os obxectivos e finalidades do Consorcio Audiovisual de Galicia, están a potenciación institucional das accións tendentes ao desenvolvemento do sector audiovisual da nosa Comunidade Autónoma e, de maneira específica, o impulso da súa distribución por calquera dos sistemas e canles de difusión audiovisual.

Co propósito de contribuír a mellorar a competitividade das produtoras audiovisuais galegas, o Consorcio pon en marcha a liña de axudas denominada ACHEGAS PARA A PROMOCIÓN, EXHIBICIÓN E COMERCIALIZACIÓN DO PRODUTO AUDIOVISUAL GALEGO, que se articulará a través da subscripción de convenios de colaboración coas empresas interesadas dacordo coas bases que se detallan a continuación:

O obxecto desta convocatoria é o apoio, en réxime de concorrencia non competitiva, a todas aquelas accións destinadas á promoción, exhibición e comercialización de longametraxes galegas, cinematográficas ou para televisión, de ficción, documental ou animación.

O orzamento anual adicado a estas axudas é de 100.000 €.

8. SERVIZO DE FORMACIÓN

- Audiovisual nas aulas

Audiovisual nas aulas é un proxecto que nace no ano 2003 dun xeito experimental e pioneiro no Estado. Os principais obxectivos deste proxecto poden resumirse nos seguintes:

01. Dotar ao alumnado dunha alfabetización audiovisual básica.
02. Crear espíritos críticos ante o audiovisual.
03. Dotar de defensas ao espectador diante da televisión.
04. Fomentar o coñecemento do audiovisual galego.
05. Achegar aos alumnos os creadores e artífices do audiovisual galego.

Desde a súa primeira edición, AU 2003, celebrada no curso académico 2003/2004 o programa tiña unha finalidade específica moi ambiciosa, incluír o audiovisual no currículo escolar. Na actualidade hai tres centros na comunidade autónoma galega que están a desenvolver a materia de Comunicación Audiovisual e que empregarán os materiais editados por este organismo para a aplicación do proxecto Audiovisual nas Aulas.

- Monográficos de Inglés Audiovisual 2010

Desenvólvense diferentes cursos e obradoiros destinados aos profesionais do sector audiovisual galego e a outros interesados neste eido.

Estas actividades véñense ofertando dende o 2005 e xorden da necesidade de espe-

cialización dos profesionais, que teñen que atender á demanda dun mercado audiovisual de marcado carácter internacional e de contar coa presenza das empresas e produtoras galegas nos foros máis prestixiosos.

Os cursos estiveron dirixidos principalmente aos profesionais do sector audiovisual, así como a estudantes (preferiblemente cun nivel lingüístico Intermedio e Intermedio-Alto dunha escola oficial de idiomas) familiarizados coa lingua inglesa, e que desexaban potenciar e ampliar as súas destrezas comunicativas sobre todo no ámbito da industria dos medios audiovisuais. Así, ao igual que nas pasadas edicións, contábase con alumnado de distintos perfís profesionais desta industria, como actores, directores, guionistas, técnicos, produtores, axentes de vendas internacionais, xornalistas, deseñadores gráficos ou axentes culturais.

I. SERVIZO DE BOLSA LABORAL, ASESORAMENTO E PROMOCION DO EMPREGO NO SECTOR AUDIOVISUAL

O servizo de bolsa laboral, asesoramento e emprego nace como unha iniciativa pioneira na nosa comunidade a través da que se pretende facer de intermediario nas ofertas de emprego e dar cobertura por unha banda, ás peticións de empresas e produtoras na procura de persoal cualificado, e que non o atopan polas canles tradicionais de selección de candidatos (anuncios en prensa, portais web) debido á especificidade do sector, e pola outra, aos profesionais (directores, realizadores, guionistas, técnicos, produtores, actores, etc.) en busca de oportunidades de emprego.

Como medida de promoción do emprego no sector audiovisual o servizo sigue as seguintes liñas:

- Procura de emprego e de persoal cualificado: mediante a creación das bases de datos de demandantes de emprego e empresas do sector audiovisual, a Bolsa conta xa con máis de 300 candidatos inscritos e máis de 30 empresas rexistradas.

No ano 2011, o obxectivo á alcanzar os 400 currículos e 60 empresas.

- Tramitación de ofertas de emprego: dende a posta en marcha do servizo leváronse a cabo máis dunha ducia de procesos de selección de candidatos, preseleccionando preto de 100 currículos que se axustaban aos perfís solicitados: localizadores, estilistas, técnicos de iluminación, técnicos de mantemento, docentes, tradutores, operadores de cámara, persoal de produción

No ano 2011 o obxectivo é alcanzar os 20 procesos de selección (debido a coxuntura económica).

- Asesoramento laboral e fomento do autoemprego: a través da información personalizada atendéronse preto de 30 consultas sobre bolsas, ofertas de emprego, axudas, subvencións, procura de financiamento e trámites para a creación e posta en marcha de

iniciativas empresariais.

No ano 2011 o obxectivo é alcanzar as 50 consultas de usuarios.

- Elaboración e difusión de listaxes de novas: ofrécese un servizo de newsletter periódico, no información de interese para a potenciación das empresas e a actividade profesional, tanto a empresas como candidatos.

1.1.4. PROGRAMA DE INVESTIMENTOS

1.2. PREVISIÓNS ORZAMENTARIAS E FINANCIAMENTO

1.2.1. ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

INGRESOS

A cifra de ingresos é derivada da previsión de achegas de entidades consorciadas acadaría unha cifra total de ingresos orzados para o exercicio 2011 de 833.339,00 €.

A distribución por capítulos de ingresos é a que segue:

Subvencións de explotación recibidas

SUBVENCIONES DE EXPLOTACIÓN RECIBIDAS	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN		
	2009	2010	2011	2012	2013
DO ESTADO					
DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	266.466.36	254.911	345.859	345.859	345.859
DA UNIÓN EUROPEA					
TOTAL	266.466.36	254.911	345.859	345.859	345.859

Neste capítulo (IV) estaría consignada a previsión das achegas das Deputacións Provinciais de Pontevedra (30.000€) e Coruña (30.000 €) (aportacións de Entidades locais), a da Consellería de Traballo (40.000 €) e a da Secretaría Xeral de Medios, 305.859€ (as que se inclúen como aportacións da comunidade).

Estes fondos destinaranse a financiar os capítulos I, II e IV do orzamento de gastos do Consorcio. A cifra orzada final total é de 405.859,00 €.

GASTOS

Gastos de persoal

GASTO PERSONAL		Nº EMPREGADOS	% VARIACIÓN ANUAL	CUSTO TOTAL	% VARIACIÓN ANUAL	CUSTO MEDIO	% VARIACIÓN ANUAL
REAL	2009	3	2	117.414,20	3-	39.138,06	-
ESTIMADO	2010	2	4,5	173.073,03		21.634,12	
	2011	8	8	318.264,01		39.783,00	
PREVISIÓN	2012	8	8	318.264,01		39.783,00	
	2013	8	8	318.264,01		39.783,00	

Os gastos de persoal inclúen o custe salarial e seguridade social do director-xerente e de unha persoa contratada ao abeiro da subvención solicitada á Consellería de Traballo, no marco das subvencións para a contratación de axentes de emprego e/ ou unidades de apoio, dentro das axudas do Programa de Cooperación.

A maiores contéplanse os custes das reincorporacións de 6 persoas, que pasarán a formar parte do Consorcio Audiovisual de Galicia como persoal laboral indefinido por sentenza xudicial, pendentes de sentenza firme a data de hoxe. O importe total estimado do capítulo para o 2011 é de 318.264,01 €.

O incremento dos gastos de persoal para o ano 2010 e 2011, xustifícase nas sentenzas contra o Consorcio, que dictaminan 6 despidos nulos (con reincorporación) a falta do auto de execución das sentenzas. Para o ano 2010, tómanse como gastos as altas dende a data de notificación das sentenzas (mes de xullo) e para o 2011 xa se computa todo o ano.

Servizos exteriores

SERVICIOS EXTERIORES		REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN		
CÓDIGO	DESCRIPCIÓN	2009	2010	2011	2012	2013
C1	Traballos realizados por outras empresas	83.634,57	116.686,38	27.675,99	27.675,99	27.675,99
C2	Reunións e conferencias	2.862	3.465,50			
C3	Material de oficina	8.263,25	11.668,64	2.767,60	2.767,60	2.767,60
C4	Renting e aluguer de praza de garaxe	6.931,20	3.465,50	2.604,00	2.604,00	2.604,00
C5	Comunicacións	4.313,55	2.917,16	854,90	854,90	854,90
C6	Gastos diversos	16.051,34	11.120,30	692,50	692,50	692,50
TOTAL		122.055,83	145.857,97	34.594,99	34.594,99	34.594,99

Recollería os gastos en bens e servizos para o exercicio das actuacións ordinarias e do Plan de Actividades do Consorcio Audiovisual de Galicia que non produzan incremento de capital ou do seu patrimonio, tales como, reparacións, material non inventariable, comunicacións, locomoción, canons, gastos de asistencia e celebración de reunións e conferencias, traballos realizados por outras empresas, asistencia a comisións, etc. A cifra total

orzada é de 34.594,99 €.

A cifra de gastos correntes orzada para o 2011 é de **34.594,99 €**, unha cifra que se reduce considerablemente con relación a outros anos debido á menor actividade de representación e presenza en eventos do Consorcio, debido aos cambios na súa estrutura, así como a finalización dos contratos de servizos que se viñan prestando no organismo para a realización de determinadas actividades.

Neste capítulo compútanse os seguintes gastos, de maior a menor contía:

Traballos realizados por outras empresas (asesorías, servizos de profesionais independentes, estudos e traballos técnicos, gastos derivados de proxectos incluídos no Plan de Actividades...)

Reunións e conferencias (viaxes, estancias, traslados e outros gastos derivados da asistencia a actos de presentación, xomadas, cursos, seminarios, etc., tanto a nivel nacional como internacional)

Material de oficina (papelería, material informático non inventariable, prensa e revistas especializadas...).

Cotas de renting dun vehículo ao servizo do Consorcio.

Comunicacións

Transporte, mensaxería e locomoción.

As causas que explican a contención do capítulo de gastos correntes hai que buscalas en varios feitos:

A inexistencia de gastos de comunicación: teléfono fixo, alugueiro de local, enerxía eléctrica, auga, etc., por situarse a sede do Consorcio nun edificio público común de propiedade da Xunta de Galicia.

A escasa externalización das actividades do Consorcio, o que reduce o gasto na partida de traballos realizados por outras empresas.

Dotacións para amortizacións

Subvencións concedida póla entidade

SUBVENCIONES CONCEDIDAS AGRUPADAS POR LIÑAS DE SUBVENCIONES/OBXECTIVOS	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN		
	2009	2010	2011	2012	2013
Bolsas de inglés audiovisual	4.590	1.980	3.000	3.000	3.000

SUBVENCIONS CONCEDIDAS	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN		
AGRUPADAS POR LIÑAS DE SUBVENCIONS/OBXECTIVOS	2009	2010	2011	2012	2013
Bolsas para a realización de estudos audiovisuais fóra de Galicia	29.130	0	30.000	30.000	30.000
Premios Play-Doc	2.000		2.000	2.000	2.000
Premios Chano Piñeiro	10.000		10.000	10.000	10.000
Aportación Cine Regio	2.500		2.500	2.500	2.500
Outros			5.500	5.500	5.500
TOTAL	48.220	1.980	53.000	53.000	53.000

O crédito consignado neste capítulo de gasto acadaría un importe estimado de 53.000 €, ao igual que no exercicio 2010, que se destinaría a:

Bolsas formativas e de prácticas encamiñadas á potenciación da actividade profesional e á creación de emprego no sector audiovisual, convocadas de xeito permanente dende o exercicio 2003. A cifra que figuraría no orzamento é de 30.000 €.

Bolsas para a realización de catro cursos de inglés audiovisual en colaboración coas Escolas Oficiais de Idiomas da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo e Lugo e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. O importe que figuraría nos orzamentos é de 3.000 €.

Premios concedidos polo Consorcio (Chano Piñeiro, Play-Doc, ...) por importe de 12.000 €.

Aportación a Cine Regio: 2.500 €.(Rede Europea de organismos do audiovisual).

Investimentos reais:

A este capítulo adicariáanse 30.480 € do orzamento de gastos do 2011, contía que se verá incrementada no caso da existencia de remanente de exercicios anteriores a data 31/12/2010, para a execución das seguintes actuacións:

Investimentos realizados en bens materiais (equipamento, equipos informáticos).

Gastos de carácter inmaterial, actividades de promoción, formación, Film Commission e relacións que deberán ser definidas con detalle no Plan de Actividades propias do Consorcio 2011, pendente de aprobación polo Consello de Dirección. Tamén se inclúen neste concepto as asistencias necesarias para executar os proxectos do Plan de Actividades do Consorcio, así coma a súa xestión operativa, tendo en conta que ata o momento non dispón de persoal propio.

A realización completa do Plan de Actividades 2011, que incluíría tanto as actividades propias como as executadas en colaboración con outras entidades ou organismos, requirirá previsiblemente como xa aconteceu nos últimos anos, a procura de novas fontes de financiamento externas do organismo, a través da subscripción de convenios específicos

con entidades públicas ou privadas para a realización destes proxectos.

Transferencias de capital:

A cifra prevista que se contempla no orzamento elevaríase a 397.000 €, que se destinarían á concesión das seguintes axudas e transferencias:

Axudas para a creación de páxinas web de produtos audiovisuais. 8ª convocatoria: 50.000 €.

Axudas do programa Raíces. 5ª convocatoria: 75.000 € (da primeira anualidade do programa 2011).

Axudas para a coprodución Galicia-Brasil. 3ª convocatoria: 80.000€ (da primeira anualidade do programa 2011).

Axudas para a promoción das curtametraxes galegas incluídas no programa de Promoción de Curtas do Consorcio. 3ª convocatoria: 12.000 €.

Axudas para a promoción dos documentais galegos incluídos no programa de Promoción de Documentais do Consorcio. 3ª convocatoria: 18.000 €.

Axudas á promoción, exhibición, e comercialización. 1ª convocatoria: 100.000 €.

Axudas do plan de internacionalización. 1ª convocatoria: 50.000 €.

Convenios con entidades sen fin de lucro para a organización de Festivais de promoción do audiovisual galego, por importe de 12.000.

I.2.2. ORZAMENTO DE CAPITAL

ORIXES

Subvencións de capital recibidas.

SUBVENCIONES DE CAPITAL RECIBIDAS	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN		
	2009	2010	2011	2012	2013
DO ESTADO					
DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	300.506	160.000	160.000	160.000	160.000
DA UNIÓN EUROPEA					
TOTAL	300.506	160.000	160.000	160.000	160.000

Neste capítulo inclúense a previsión das achegas da CRTVG (111.480 €), do IGAPE (120.000€), da Consellería de Facenda (40.000€), da Consellería de Educación (120.000€)

e as Deputacións Provinciais da Lugo (18.000€) e Ourense (18.000€), que ascenden a 427.480,00 €. Esta cifra veríase incrementada no caso da existencia de remanente de exercicios anteriores.

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2011			
ESTADO DE GASTOS DE OUTRAS ENTIDADES DA COMUNIDADE			
CONS. AUDIOVISUAL DE GALICIA			
	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2009	ESTIMADO 2010	ORZAMENTO 2011
1.Gastos de persoal	124	173	320
1.1. Dos cales: gastos de Seguridade Social	22	39	76
2.Gastos en bens correntes e servizos	124	146	33
3.Gastos financeiros			
3.1. Xuros			
3.2. Resto de gastos financeiros			
4.Transferencias correntes	48	2	53
4.1. Ao Sector Público			
- Ao Estado			
- A Organismos da Administración Central, (especificar)			
- Á Administración Xeral da Comunidade Autónoma			
- A Entidades da C.A. incluídas no sector AAPP			
. OAAA da C.A. (Especificar)			
. Sociedades e Entes Públicos da C.A. incluídos en AAPP (Anexo 1)			
. Universidades de la C.A.			
- A Entidades Locais			
- A Consorcios			
- A entidades da C.A. non incluídas nas AAPP			
- Ao resto de entidades do sector público			
4.2. Ao sector privado	48	2	53
- Feoga-Garantía			
- Empresas privadas			
- Familias e ISFL	48	2	53
6. Investimentos reais	339	329	30
6.1. Terreos			
6.2. Inmovilizado Inmaterial			
6.3. Investimentos efectuados a través de sociedades instrumentais			
6.4. Investimentos efectuados por encargo a través de Sociedades Públicas			
6.5. Resto de investimentos reais	339	329	30
7.Transferencias de capital	274	92	397
7.1. Ao Sector Público			
- Ao Estado			
- A Organismos da Administración Central, (especificar)			
- Á Administración Xeral da Comunidade Autónoma			
- A Entidades da C.A. incluídas no sector AAPP			
. OAAA da C.A. (Especificar)			
. Sociedades e Entes Públicos da C.A. incluídos en AAPP			
. Universidades de la C.A.			
- A Entidades Locais			
- A Consorcios			
- A entidades da C.A. non incluídas nas AAPP			
- Ao resto de entidades do sector público			
7.2. Ao sector privado	274	92	397
- Empresas privadas	259	80	385
- Familias e ISFL	15	12	12
TOTAL NON FINANCEIRO	909	742	833
8. Activos financeiros	11		
8.1. Aportacións de capital a entidades da C.A. en AAPP			
8.2. Resto de activos financeiros	11		
9. Pasivos financeiros			
TOTAL	921	742	833

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2011			
ESTADO DE INGRESOS DE OUTRAS ENTIDADES DA COMUNIDADE			
CONS. AUDIOVISUAL DE GALICIA			
	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2009	ESTIMADO 2010	ORZAMENTO 2011
3. Tasas e outros ingresos	25		
3.1. Tasas académicas			
3.2. Outras taxas e precios públicos			
3.3. Outros ingresos	25		
4. Transferencias correntes	303	321	406
4.1. Do Sector Público	303	321	406
- Do Estado			
- De Organismos da Administración Central (ESPECIFICAR)			
- Da Administración Xeral da Comunidade Autónoma	266	255	346
- De Entidades da C.A. recollidas no sector AAPP			
. OAAA da C.A. incluídos en AAPP			
. Sociedades e Entes Públicos da C.A.			
. Universidades da C.A.			
- Das Entidades Locais	36	66	60
- Dos Consorcios			
- De entidades da C.A. non incluídas en AAPP			
- Do resto de entidades do sector público			
4.2. Da Unión Europea			
- Do Fondo Social Europeo			
- Outras da Unión Europea (ESPECIFICAR)			
4.3. Do Sector privado			
- Empresas privadas			
- Familias e ISFL			
5. Ingresos patrimoniais			
5.1. Xuros			
5.2. Outros ingresos patrimoniais			
6. Alleamento de investimentos reais			
6.1. Terreos			
6.2. Resto de investimentos reais			
7. Transferencias de capital	593	421	427
7.1. Do Sector Público	593	421	427
- Do Estado			
- De Organismos da Administración Central (ESPECIFICAR)			
- Da Administración Xeral da Comunidade Autónoma	413	280	160
- De Entidades d C.A. incluídas no sector AAPP	120	111	231
. OAAA da C.A. incluídos en AAPP			
. Sociedades e Entes Públicos da C.A. incluídos en AAPP	120	111	231
. Universidades da C.A.			
- Das Entidades Locais	60	30	36
- Dos Consorcios			
- De entidades da C.A. non incluídas en AAPP			
- Do resto de entidades do sector público			
7.2. Da Unión Europea			
- Do FEDER			
- Outras da Unión Europea			
7.3. Do Sector privado			
- Empresas privadas			
- Familias e ISFL			
TOTAL NON FINANCEIRO	921	742	833
8. Activos financeiros			
8.1. Remanente de Tesorería			
8.2. Outros activos financeiros			
9. Pasivos financeiros			
TOTAL	921	742	833